



Guía Vacalouras para un audiovisual máis sostible






1-A sustentabilidade debe integrarse en todas as fases e facetas do proxecto

- 1A- Elabora un plan de sustentabilidade. Este plan consta de 4 fases:**
 - Avaliación do impacto ambiental
 - Elaboración do Plan de mitigación deste impacto
 - Seguimento
 - Informe de impacto ambiental
- 1B- Certifica este plan.**
- 1C- Introduce a variable ambiental na toma de decisións**
 - Sempre que cumpra os requisitos, elixe a opción máis sostible.
- 1D- Planet Placement**
 - Xera conciencia, normaliza comportamentos ecoresponsables nos teus contidos, sempre que proceda, claro.



2- O transporte de persoas e materiais xera a maior pegada de CO2 dunha produción

- 2A- Deseña un plan de transportes**
- 2B- Optimiza a ocupación dos vehículos, xa sexa con persoas ou con material, pero evitando a sobrecarga**
- 2C- Utiliza vehículos pouco contaminantes**
- 2D- Promove entre o equipo formas de transporte máis respectuosas**
- 2F- Prácticas de condución eco: forma e informa ás persoas que conducen sobre como reducir as emisións**
- 2G- Evita as distancias sempre que se poida; entre procesos e o set, entre aloxamento e centro de traballo**
- 2H- Escolle o teletraballo cando sexa posible.**





3- Pon todo e a tod@s en modo eco


- 3A-Contrata enerxías renovables e evita os combustibles fósiles**
- 3B-Elixe aparatos eficientes e de baixo consumo**
 - Luces led
 - Electrodomésticos AAA+
 - Pilas recargables
- 3C- En exteriores conectate á rede pública como primeira opción e maximiza as xornadas diurnas**
- 3D- Xeradores ecolóxicos ou acumuladores eléctricos.**
 - Normativa Stage v
 - Opta preferiblemente polos que funcionan a gas
- 3F- Promove hábitos responsables con respecto ao uso da enerxía**
 - Apaga os aparatos, non os deixes en stand by.
 - Configura os equipos en modo eco
 - Modera o uso do aire acondicionado
- 3G- Ten en conta a pegada dixital**
 - Prioriza o uso do whatsapp fronte ao mail e non dupliques as comunicacións
 - Evita google para búsquedas recurrentes , introduce a dirección na barra de búsqueda ou crea enlaces directos. Evitarás que un montón de información vaia ata un centro de datos e volva
 - Pecha as pestanas que non esteas a utilizar.
 - Traballa sen conexión, limita o tempo de traballo ou lectura on line.
 - Non respondas “grazas” se hai confianza, (se iso xa vos tomades unhas cañas un día..)



4-Pásate a unha alimentación que sume saúde e reste residuos e proteína animal

- 4A- Evita os envases dun so uso..**
 - Reparte botellas reutilizables entre o equipo e opta pola auga en
 - Bag in box
 - Bidón
 - Trae os bocatas en bandexas de cartón ou caixas reutilizables (tipo froita) sen envoltorio individual. Usa papel encerado ou celulosa para separar e tapar
- 4B- Usa vaixela reutilizable ou polo menos compostable**
- 4C- Ofrece, cando menos unha vez á semana un menú que minimize o impacto**
 - Reduce carne e peixe
 - Elixe produto local e de tempada
 - Café , cacao e azucre de comercio xusto
- 4D- Ofrece a diario un menú máis saudable reducindo bebidas azucradas e graxas saturadas**

VACALOURAS



alojamento



5-Elixe alojamento sostible e cercano, e aplica o sentido común

- Infórmate da política medioambiental dos establecementos e tómaa en conta á hora de elixir.**
- Fai un uso racional dos servizos**
- Pacta co establecemento a frecuencia de lavado de sabas e toallas, asegurándote primeiro de que esta medida non perxudique ou reduza o salario a ningun/ha traballador/a do establecemento
- Modera o uso do aire acondicionado


consumo de materiais



6- Reduce e reutiliza; cada obxecto ten un ciclo de vida que xerou e xerará emisións.

- 6A- Prioriza o aluguer fronte á compra.**
- 6B- Reutiliza as bolsas e caixas en bo estado: asigna un pequeno espazo onde deixalas cando sobren e recollelas cuando fagan falla. Ao final da rodaxe as bolsas pódense doar a tendas locais residuo cero**
- 6C- Elixe produto ecofriendly, a ser posible certificado**
 - Madera FSC
 - Pinturas eco ou polo menos acrílicas
 - Aparatos recargables
 - Deterxentes biodegradables
- 6D- Dá unha nova vida as cousas e deseña para favorecer esta reutilización**
 - Decorados; que sexan sinxelos de desmontar para reutilizar, alomenos, en parte.
 - Sinalética; que sirva para outras producións
 - Ficticios: seguro que podes recuperar algún doutras producións e evitar deseñar uns novos.
- 6E- Ollo coas impresións: reduce o uso do papel, e que este sexa reciclado**
 - Prioriza a comunicación dixital
 - Imprime a dúas caras e en modo aforro
 - Elimina banners ou grandes manchas negras nos documentos
 - Usa cartuchos de tinta reciclados e reciclables
- 6F- Pegada hídrica**
 - Coloca aparatos de redución de caudal de auga onde sexa posible
- 6G- Evita aerosois e químicos**
 - Para ambientar utiliza produtos o máis naturais posibles
 - Evita prendas que requiran lavado en seco
 - Baños portátiles eco

VACALOURAS



xestión de residuos



7- Reduce, reutiliza, recicla. Nesta orde

- 7A- Infórmate da normativa municipal ao respecto, sobre todo se estás deslocalizado
- 7B- Coloca colectores ou xaulas para separar os residuos nos espazos de traballo
 - EN TODOS: Papel, orgánico/ resto, envases.
 - Catering: engadir vidro
 - Espazos de construción (localizacións naturais ou taller): vidro, madeira, metal, pinturas.
 - Residuos especiais: infórmate da normativa municipal e xestiónao.
 - En oficina e zonas técnicas: pilas, aparatos, cartuchos e tóner. Aproveita para poñer estes colectores a disposición dos traballadores e traballadoras para que traian os seus residuos de casa (non hai que asustarse, xéranse poucos)
- 7C- Sinaliza e informa de forma clara qué vai en cada colector
- 7D- Evita o desperdicio de comida
- 7E- Busca un novo destino para o atrezzo e o vestiario ao acabar a produción
 - Dóao a ONGs
 - Repárteo entre o equipo
 - Almacena as cousas máis usables para reutilizalas noutras rodaxes.
- 7F- Non xeres residuos: compra a granel e reutiliza. Verás que diminúe o número de bolsas de lixo


Local



8- Actúa local. Aposta polo km0, dende o elenco ata os provedores ou os alimentos

- 8A- Se estás deslocalizado/a. infórmate dos produtos e servizos locais dispoñibles antes de empezar a produción. Fomenta a economía local.
- 8B- Contrata persoal da zona cando sexa posible

VACALOURAS





9- Todo os espazos que uses deben quedar como estaban, ou mellor.


- 9A- Aplica criterios medioambientais na selección de localizacións. Tendo en conta:**
 - Distancia ao centro de traballo
 - Normativa medioambiental
- 9B- Asegúrate de poñer os medios necesarios para non alterar ningún espazo**
 - Puntos de recollida de lixo adecuados
 - Non alterar flora nin fauna
 - Non facer novos camiños en espazos naturais
 - Non usar grampas nin cravos nas árbores
 - Preservar o terreo sobre o que se vaia colocar maquinaria pesada
 - P9C- En espazos naturais ou protexidos infórmate da normativa específica.**
- 9D- Minimiza a túa pegada sonora, pon especial atención aos ruidos que se xeren e trata de que ese ambiente sexa o máis harmonioso posible co lugar**
- 9E- Limpas e recolle TODO antes de abandonar unha localización.**



10- Coida de todos os humanos implicados ou afectados pola produción

- 10A- Equipo**
 - Forma** en materia medioambiental
 - Informa** dos teus plans, obxectivos, resultados.
 - Equipa** con botella ou cápsulas de café reutilizables.
 - Sensibiliza**, conciencia, motiva.
 - Utiliza **linguaxe inclusiva** e atende á diversidade
 - Ten un **protocolo antiacoso** e conta coa figura de coordinador/a de intimidade
- 10B- Relación cordial coa veciñanza**
 - Informar ao vecindario das actuacións que poderían afectarlles; cortes de paso, ruído..
 - Compensa as molestias
- 10C- Fomenta un impacto socioeconómico positivo**

VACALOURAS





11- A comunicación é fundamental para xerar conciencia

- 11A- Na equipa: utiliza pizarras ou carteis (reutilizables), e a orde de traballo para
 - Informar claramente, para facilitar un comportamento eco. Un exemplo; se a identificación dos colectores é inequívoca (a cor da bolsa é moi útil nese aspecto) facilita a separación.
 - Concienciar. Podes informar, por exemplo, dos beneficios do menú sostible da semana..
 - 11B- Nos medios de comunicación - redes sociais: aproveita que estás tomando medidas para dicilo e animar a outros
 - 11C- Con outros/as profesionais compartir a experiencia para mellorar
 - 11D- Aproveita a túa gran repercusión pública para sensibilizar á túa audiencia.
-



Compensa as túas emisións con proxectos medioambientais

- Infórmate das opcións que tes na túa comunidade ou de proxectos internacionais.
 - Decide canto queres e podes compensar, é mellor unha compensación parcial que nada.
 - Faino e cóntallo a todo o mundo.
-

VACALOURAS

